

Texto: **PABLO NERUDA**
Ilustracións: **ELENA ODRIOZOLA**
Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón.
32 páxinas en color. 21x28 cm.
ISBN 978-84-8464-639-6
Prezo: 13 €

ODA A UNHA ESTRELA

**Asomando á noite
na terraza
dun rañaceos altísimo e amargo
puiden tocar a bóveda nocturna
e nun acto de amor extraordinario
apodereime dunha celeste estrela.**



No alto dun rañaceos, na inmensidade da noite, alguén rouba unha estrela. Mais, no momento de gardala no seu peto, comeza a súa odisea. "Oda a unha estrela" é un extraordinario poema de Pablo Neruda que brilla resplandecente nas imaxes de Elena Odriozola. Este poema desprende a sensibilidade que caracteriza ao artífice do realismo poético.

Este título súmase a outros dous libros do catálogo de KALANDRAKA, "Discurso do oso" e "Historia da resurrección do papagaio", escritos por grandes autores da literatura contemporánea, Julio Cortázar e Eduardo Galeano, con ilustracións de Emilio Urberuaga e Antonio Santos, respectivamente.

PABLO NERUDA

(Parral, 1904-Santiago de Chile, 1973)

A súa nenez transcorreu en Temuco, onde realizou os seus primeiros estudos. O seu nome real foi Neftalí Reyes Basoalto, aínda que en 1917 adoptou o seudónimo de Pablo Neruda. Diplomático, político e escritor, está considerado un dos grandes poetas do século XX. Militou no partido comunista chileno apoiando en xeito decidido a Salvador Allende. En 1949 exiliouse en París e, dende Europa, viaxou á República Checa, Rusia, Polonia, Hungría e México.

Recibiu o Premio Nobel de Literatura en 1971 e o Premio Lenin da Paz en 1953. Foi Doutor Honoris Causa pola Universidade de Oxford e en 1969 nomeárono membro honorario da Academia Chilena da Lingua. Da súa obra poética, destacan títulos como "Crepusculario", "Veinte poemas de

amor y una canción desesperada", "Residencia en la tierra", "Tercera residencia", "Canto general", "Los versos del capitán", "Odas elementales", "Extravagario", "Memorial de Isla Negra" e "Confieso que he vivido".

ELENA ODRIOZOLA (San Sebastián, 1967)

Estudou arte e decoración, traballou en axencias de publicidade como maquetadora e directora artística antes de adicarse á ilustración, dende 1997. Conta con máis de 50 libros ilustrados e un estilo definido pola sutileza, a capacidade para dar sentido aos brancos na composición das súas creacións, e un lirismo que aflora nos seus debuxos. A súa obra foi seleccionada para a mostra "Ilustrísimos" celebrada en 2005 na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña (Italia). Recibiu o Segundo Premio Nacional de Ilustración 2005 e o Premio Euskadi de Ilustración 2009.

